ALUMNOS DE 3º ESO CON MATEMÁTICAS PENDENTES DE 2º ESO

TRABALLO PARA O MES DE NOVEMBRO ENTREGAR 10 DE DECEMBRO

- **ENTEIROS**

https://drive.google.com/file/d/0B80bAhpAV1Y8LWNybXE1UU1YRnc/view

páxinas 12 e 13 , exercicio 5

páxinas 20,21 e 22 ; exercicio 7

- **FRACCIÓNS**

https://drive.google.com/file/d/0B80bAhpAV1Y8YmMzQ2dfWXRXUDg/view

páxinas 16,17 e 18

- **DECIMAIS**

https://drive.google.com/file/d/0B80bAhpAV1Y8WHJZVkt6WjRnWms/view

páxinas 6,7 e 8 ; exercicio 1

páxinas 12 e 13 ; exercicio 5

páxinas 19,20,21 e 22

PROGRAMACIÓN CONTIDOS PENDENTES DO CURSO

BLOQUES CONTIDOS	TEMPORALIZACIÓN	RECOLLIDA FICHAS
Números	Novembro	10 DECEMBRO
Álxebra	Decembro	10 XANEIRO
EXAME XANEIRO	**Mércores, 30-01-2019 ás 10.10 horas**	
Funcións	Febrero	1 MARZO
Xeometría	marzo	1 ABRIL
EXAME ABRIL	**Mércores, 25-04-2019 ás 10.10 horas**	
EXAMES DE MAIO E SETEMBRO	FIXARASE POR XEFATURA DE ESTUDOS	

PENDENTES DE 2º ESO

PUNTO 10 DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA : ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os criterios para a recuperación e a avaliación destas materias son:

a. MÍNIMOS ESIXIBLES CURSO ANTERIOR

Consideramos que un alumno superou a materia do curso anterior cando os indicadores de logro sobre os seguintes estándares de aprendizaxe básicos ou esenciais de 2º de ESO sexan aceptables.

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.

MACB1.2.1.Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).

MACB1.5.1.Expón e defende o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando as linguaxes alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística.

MACB1.8.1.Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseverenza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).

Bloque 2. Números

MAB2.1.1.Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízaos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.

MAB2.1.2.Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.

MAB2.2.1.Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.

MAB2.2.2.Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.

MAB2.2.3.Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.

MAB2.3.1.Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.

MAB2.5.1.Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaas para resolver problemas en situacións cotiás.

Bloque 2. Álxebra

MAB2.6.3.Utiliza as identidades alxébricas notables e as propiedades das operacións para transformar expresións alxébricas.

MAB2.7.2.Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.

Bloque 3. Xeometría

MAB3.1.2.Aplica o teorema de Pitágoras para calcular lonxitudes descoñecidas na resolución de triángulos e áreas de polígonos regulares, en contextos xeométricos ou en contextos reais

MAB3.2.1.Recoñece figuras semellantes e calcula a razón de semellanza e a razón de superficies e volumes de figuras semellantes.

MAB3.2.2.Utiliza a escala para resolver problemas da vida cotiá sobre planos, mapas e outros contextos de semellanza.

MAB3.3.1.Analiza e identifica as características de corpos xeométricos utilizando a linguaxe xeométrica axeitada.

MAB3.4.1.Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica axeitadas.

Bloque 4. Funcións

MAB4.1.1.Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras, e elixe a máis adecuada en función do contexto.

MAB4.2.1.Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función.

MAB4.2.2.Interpreta unha gráfica e analízaa, recoñecendo as súas propiedades máis características.

MAB4.3.1.Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente.

MAB4.3.2.Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores.

MAB4.3.3.Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes, e represéntaa.

b. PROGRAMA DE REFORZO

Os contidos da materia pendente do curso anterior reforzarémolos a través de boletíns de exercicios mensuais elaborados polos membros do Departamento que serán entregados, recollidos , corrixidos e devoltos a cada un dos alumnos pendentes, polo xefe de departamento. Estes contactos terán lugar no tempo de lecer en días concretos.

Os boletíns han de estar completamente acabados o día que o profesor indique. Non se van permitir retrasos. Cando alguén teña dificultades para realizar algunha actividade que consulte co profesor con antelación suficiente á data de entrega indicada.

Os alumnos que non realicen e entreguen as fichas de traballo cando se lles solicita perderán a oportunidade de presentarse ás probas parciais, e terán que ir directamente á proba final de maio.

c. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

O Departamento de Matemáticas para facilitarlle ao alumnado pendente o non ter que xogarse todo a unha única proba, dividirá a materia do curso en dúas partes .

Cada unha das partes terá unha proba escrita, a primeira será no mes de xaneiro e a segunda no mes de abril. Superadas estas o alumno non tería que ir á proba de maio.

Haberá unha proba final en maio e outra extraordinaria en setembro para os alumnos que non superasen as probas parciais.

d. CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE POLA AVALIACIÓN CONTINUA

Todas as probas escritas constarán de varias preguntas relacionadas coas actividades desenvolvidas nos boletíns vistos ao longo do curso. Serán corrixidas polo xefe de departamento.

Para considerar a materia recuperada tería de alcanzarse un valor mínimo de 5 puntos en cada unha das probas parciais.

En caso contrario o alumno tería que facer a proba global de maio ou a proba extraordinaria que terá lugar en setembro cuxa cualificación será a nota redondeada desa proba .

A proba de maio ou de setembro sería corrixida da mesma maneira tendo que alcanzar unha puntuación de 5, para considerar recuperado o curso anterior.

Os alumnos pendentes de cursos anteriores terán dereito a unha proba escrita global de toda a materia no mes de maio ou setembro.

No caso de que un alumno aprobe as matemáticas do curso ordinario en xuño ou setembro quedaríanlle aprobadas as matemáticas pendentes de cursos anteriores .